

COMITÉ INTERCENTROS PERSOAL LABORAL

Santiago de Compostela 11/10/2022

Reunión do Pleno do Comité Intercentros do Persoal Laboral da Xunta de Galicia do 08/11/22, no que se trataron os seguintes temas:

APROBACIÓN DA ACTA

- Apróbase a acta 07/2022

ESCRITOS RECIBIDOS E EMITIDOS

- 21 adscricións
- 10 prórrogas
- 34 superiores categorías
- Recíbese un escrito do Comité de Empresa de Economía, Emprego e Industria de Lugo, informándonos que fixeron un escrito a Dirección Xeral de Función Pública solicitando que tomen medidas nas prazas de consolidación pendentes de toma de posesión xa que producíronse vacantes e temen que afecten aos procesos extraordinarios da Lei 20/21.

Acórdase facer un escrito no senso de que non se fagan amortizacións de ditas prazas.

CAMAREIRAS -LIMPADORAS

Acórdase solicitar información das datas de funcionarización de este colectivo e do desenvolvemento do proceso.

DECRETO DE LISTAS 37/2006

Remitíronse escritos á Dirección Xeral da Función Pública e Comisión Central de Listas :

- Instando á actualización das categorías que seguen sen actualizar .
- Solicitando unha apertura extraordinaria de listas na categoría de enfermeiras ou en categorías nas que carezan de persoal suficiente para a cobertura de incidencias ou períodos de vacacións que estean sen desfrutar .

Non se tivo ningún tipo de contestación polo que se acorda **solicitar reunión urxente** con Función Pública debido a problemática que carrega non ter persoal en listas.

- Acordase solicitar que se nos faga entrega dunha “**instrución**” que parece que posúen os centros de traballo, na que obriga á finalización dun contrato sen encadear ningún outro á mesma persoa, xa que, segundo nos trasladan están a darse solucións diferentes dependendo do centro .

